


A AGRICULTURA DO FUTURO NAS TÚAS MANS



Lely Horizon

O seguinte paso no futuro da súa explotación é a predición. Dea un paso adiante na xestión da súa explotación con Lely Horizon e sáquelles o máximo partido aos seus datos. Aproveite a información aplicando algoritmos intelixentes para predicir rendementos e obter opcións precisas de optimización da súa explotación. Consiga unha indicación clara e nunha fase precoz das vacas sospeitosas de padecer cetose e reciba consellos de tratamentos. Horizon está dispoñible en dous paquetes: Control e Advance. Comprobe cal se adapta mellor ás súas necesidades.

O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

GALICIA, ASTURIAS Y CANTABRIA

AGROTEC ENTRECANALES SL - LELY CENTER LOS CORRALES DE BUELNA
Polígono de Barros, P22, N8
39408 Los Corrales de Buelna (Cantabria)
Tfno. +34 660 137 730
loscorralesdebuelna@cor.lelycenter.com

CASTILLA Y LEÓN, MADRID Y TOLEDO

TECNOLOGÍAS DE ORDEÑO SL - LELY CENTER ÁVILA
C/ Hornos Caleros, 29
05003 Ávila
Tfno. +34 920 254 116
avila@avi.lelycenter.com

PAÍS VASCO, NAVARRA Y CATALUÑA

LELY IBÉRICA CSV SA - LELY CENTER IN AIZOAIN
Polígono Iruregaña, naves 5 y 6
31195 Aizoain (Navarra)
Tfno. +34 629 083 587
aizoain@aiz.lelycenter.com



CON LELY DESDE O MUXIDO ATA A LIMPEZA DA EXPLOTACIÓN

Coñecemos a Andrés e David, quen hai uns anos decidiron unificar as súas explotacións para crear Hermanos García Mayor SC e actualmente motorizaron varios dos labores da súa empresa con Lely.



César Sanz, Andrés Gallego, David García e Héctor Garcinuño na explotación Hermanos García Mayor SC

David García Vara e Andrés Gallego Romero apostaron por unir as súas explotacións e formar a empresa Irmáns García Mayor SC. “O meu pai e o meu tío empezaron coa explotación que temos en Santa Croya de Tera (Zamora) nos anos 80. Eu decidín entrar no 2000 e en 2016 asociámonos Andrés e eu, –explica David e continúa lembrando– que xa nos viñamos axudando mutuamente. El quedou só, o meu pai xubilouse e, buscando vivir mellor, tomamos esta decisión”. Para acomodarse, decidiron reunir as vacas de leite na nave de Santa Croya e a recría na de Santibáñez de Tera, que se atopa a catro quilómetros.

Este ano, tratando de mellorar a calidade de vida, instalaron o robot de muxido de Lely. “Marchounos un empregado e estivemos a buscar xente para traballar, pero non atopabamos. Entón, empezamos a mirar como funcionaba este robot

noutras explotacións e apostamos por instalalo na nosa”, comenta David. Desde agosto levan funcionando coas dúas unidades que incorporaron. O gandeiro confesa que ao principio lles custou adaptarse, posto que tiñan cama quente e tiveron que cambiar todo a cubículos. Aínda así, indica que os animais se afixeron bastante ben, están moito máis tranquilos e mesmo aumentaron a súa produción. “En canto á nosa calidade de vida, melloramos moito. Polas mañás, un só pode manexar toda a granxa. Agora libramos máis”, resalta o socio desta empresa.

OS COLARES QWES HR-LDN OFRÉCENLLE AO GANDEIRO TODO TIPO DE INFORMACIÓN SOBRE OS ANIMAIS, QUE PODEN CONSULTAR A TRAVÉS DA APLICACIÓN DESDE CALQUERA DISPOSITIVO

HERMANOS GARCÍA MAYOR SC



Localización	Santa Croya de Tera (Zamora)
Propietarios	David García Vara e Andrés Gallego Romero
Empregados	1
N.º total de animais	304
Vacas en muxido	111
Media de produción	41 litros/vaca/día
Porcentaxe de graxa	3,30 %
Porcentaxe de proteína	3,20 %
RCS	200.000 cél./ml
Superficie agrícola	99 ha
Venda de leite	Entrepinares

A IMPORTANCIA DUN BO SERVIZO TÉCNICO




A instalación das dúas unidades fíxose na cabeceira dun só patio e en tándem. “Os robots son da mesma man, co obxectivo de evitar que as vacas poidan elixir entre un robot ou outro”, conta Héctor Garcinuño, xerente de Lely Center Ávila.

Desde esta explotación destacan o apoio do servizo técnico: “Estamos moi contentos porque estiveron en contacto connosco todos os días, dándonos indicacións de como meter as vacas atrasadas e demais”, apunta David. Por ese mesmo motivo, aínda que polo momento non valoran aumentar a explotación, en caso de facelo seguirán apostando por Lely, porque o servizo que lles deron é “moi bo e non imos cambiar”.

Para continuar coa mellora de calidade de vida persoal, tamén incluíron o arrimador de comida Lely Juno. Tal e como nos contan, consideran que é unha ferramenta moi boa, principalmente porque non teñen que estar pendentes de arrimar a comida cada certo tempo e ademais perciben que os animais comen máis. Así mesmo, contan co sistema de limpeza Lely Discovery Collector, a última incorporación desta firma, que aínda están a programar e adaptándose a ela.

O PRIMEIRO LELY HORIZON DA FRANQUÍA



Aínda que nesta granxa xa tiñan informatizada boa parte da sala de muxido, había certos datos que non conseguían acceder a eles. Por iso, desde Lely Center Ávila tamén lles colocaron os colares Qwes HR-LDn para así conseguir toda esa información. Ademais, instaláron, por primeira vez para esta franquía, o Lely Horizon, así poden ter ata consellos. “Ao ser o primeiro, fixemos unha formación tanto os técnicos como os gandeiros para empezar a introducir os datos e obter os resultados”, relata Héctor.

Andrés, ante o computador, explica que un dos datos que máis miran son as cetoses, sobre todo das recentemente paridas. “Se nos avisa de que hai unha cetose, buscamos o motivo, posto que detecta o 100 % de casos de cetoses clínicas ou subclínicas”, apunta este gandeiro. Tamén lles permite reducir os fallos ou outros datos; por exemplo, “neste momento hai un animal que ten un cuarteirón danado e cada vez que se está muxindo trata de quitar a tetoeira, porque a máquina lle fai dano. Doutra vaca infórmanos de que non está preparada para inseminar, porque non fixo un bo pico de produción”, expón Andrés. Outra das facilidades que ten o Lely Horizon é que a través do móbil poden obter todos os datos, de modo que lles permite estar entre os animais, consultar os datos e actuar no momento.

LELY, UNHA FIRMA FIABLE E RENDIBLE



César Sanz, da área Sales Manager Iberia, departamento Dairy XL en Lely France, comenta que na actualidade teñen máis de 900 máquinas funcionando: “Un punto a resaltar é que finalizaremos 2021 con máis de 140 robots instalados só neste ano”. O máis destacable para César é a fiabilidade da máquina, pero, sobre todo, a fiabilidade de todo o soporte que dá a franquía, no que se refire a xestión de explotación como a servizo técnico. Así mesmo, afirma que desde que está a traballar con Lely “nunca tivera a sensación de tranquilidade, de dispor da mellor máquina do mercado; desde que se instaláron os robots, practicamente non houbo avarías. Eu ao gandeiro aconséllolle que poña Lely pola fiabilidade da máquina, polo rendemento que lle vai a dar e pola rendibilidade que lle achegará á explotación”.

Desde Lely Center Ávila indican que é a franquía co maior número de granxas XL en España, é dicir, explotacións con máis de 500 cabezas de gando ou oito robots. “España foi pioneira, porque cando non había granxas XL no resto de Europa, en Navarra xa había dúas”, lembra César e apunta que o 30 % das vendas de Lely a nivel mundial, na actualidade, son para granxas XL. ■